

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm. 3361 de data 18 de xaneiro de 2022.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
CURTIS.**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Javier Francisco Cainzos Vázquez

**A SECRETARIA  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**CONCELLO DE CURTIS**

Número 15 / 2022

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, UBICADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER, ANO 2022.**

Na Coruña, a 8 de abril de 2022.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e  
Doutra parte, Don Javier Francisco Cainzos Vázquez, Alcalde Presidente do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

#### **EXPOÑEN**

1º.- Que é interese coincidente da Deputación e do Concello promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase, río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución de 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

2º.- Que unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis, ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de cooperación para que no futuro poida a Deputación ceder o uso do Centro Etnográfico ao Concello de Curtis.

3º - Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **PRIMEIRA: OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Curtis, NIF P1503200F, para garantir a apertura do Centro Etnográfico de Curtis durante o ano 2022.

##### **SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CURTIS**

1. O concello de Curtis **fará constar** en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., **o financiamento da Deputación** Provincial da Coruña.
2. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro etnográfico durante o periodo de imputación de gastos que figura na cláusula 4ª do

convenio. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.

3. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos horarios que se establecen na cláusula QUINTA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.**

#### **TERCEIRA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO**

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, que poderán ser modificados por razóns organizativas:

O horario de atención ao público será como mínimo:

- De Martes a Venres: 10:00 horas a 13:00 horas e de 16:00 h a 19:00 h
- Sábados e Domingos: 10:00 horas a 13:00 horas
- Luns pechado

O centro permanecerá aberto 30 horas á semana, pero por razóns organizativas poderá modificarse o horario.

#### **CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

1. A Deputación Provincial da Coruña abonará o importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 24.713,86 euros, durante a anualidade de 2022, do 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022 con cargo á aplicación 0112/3336/22609 ao concello de Curtis, correspondendo ata un máximo de 12.356,93 euros, para o período de imputación de gastos que figura no convenio, do 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de xuño de 2022, e un máximo de 12.356,93 euros, ao período de imputación de gastos da prórroga (nos mesmos termos que o convenio asinado) prevista na cláusula oitava do presente convenio, no caso de que se produza, todo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.
2. No caso de que os gastos xustificadas non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a aportación provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula 4ª do convenio.
3. Aboarase de conformidade co disposto na cláusula 5ª do texto do convenio.
4. A Deputación da Coruña asme o seguinte compromiso e obriga: "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

*Artigo 57.O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:*

- a) *que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que otorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e*
- b) *que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

#### **QUINTA: FORMA DE PAGO**

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Curtis a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse pagos trimestrais, polo importe correspondente ao 100 % dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.

- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.

- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Curtis.

- Acompañarase ademais unha memoria na que se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Curtis deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

- O Concello deberá presentar unha certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

#### **SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN**

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

#### **SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN**

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

#### **OITAVA: VIXENCIA**

1.O prazo de vixencia do presente convenio esténdese dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de agosto de 2022.

2. As actividades se realizaran, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do 2022, e terán que estar xustificadas 1 mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3. Tanto o período de imputación de gastos, como o período de vixencia, do presente convenio, poderá ser prorrogado de forma expresa (ns mesmos termos que o convenio asinado) por outros 6 meses mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña.

4. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio presupuestario.

#### **NOVENA: NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación.

#### **DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.